



Moncho Valcarce: amando a Deus e a Galicia

Rubén Aramburu Molet

Agora que a morte xa borrou as liñas do teu rostro
e esvaeceu os límites,
moras enteiro en nós, compañeiro na tenza,
home e heroe, amigo, irmán Moncho Valcarce

Pilar Pallarés

O día 1 de febreiro de 2018 na rúa da Franxa da Coruña descubríase unha placa de homenaxe a Moncho Valcarce na que foi a súa casa natal. Un cento de persoas amigas escoitamos as palabras do alcalde Xulio Ferreiro acompañado de boa parte da corporación municipal e da banda de música que interpretou varias pezas. O entrañable Ramón Muñiz, no nome da Irmandade Moncho Valcarce, pronunciou un emocionante discurso rematando cun verso que o poeta Xulio López Valcarce escribiu cando o pasamento de Moncho. «A luz do teu exemplo vencerá o ollar torvo, sentíndonos, irmán, sen ti, moito máis orfos». Entre os presentes, tres curas amigos. Non vin ningún representante da diocese.

Estamos en 2023, van aló 30 anos da morte de Moncho Valcarce e *Encrucillada* faime encargo deste artigo de lembranza. Penso que hai outras persoas que poderían achegar moito máis ca min. Vin a Moncho un par de veces sendo eu mozo e asistín ao seu funeral na Coruña sendo estudante. Nos anos de estudo no centro teolóxico de Santiago nunca escoitei falar del. Algunha nova nos xornais de